



Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se declaran vacantes tres (3) prazas da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de PERCEBE no permiso de explotación de embarcación ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico Percebe, modalidade dende a embarcación, da Confraría de Pescadores de Laxe

Antecedentes

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027. (DOG Núm. 251, de 31.12.2024).

De conformidade co expediente de aprobación do Plan de xestión para o recurso específico percebe (PE410A 2024/31-1), modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Laxe (en adiante a entidade) estableceuse un número máximo de 19 embarcacións con 35 tripulantes habilitados con dereito a cota para todo o trienio 2025-2027.

2. O 23.12.2024 (registro de entrada 2024/3584751) a Confraría de Laxe solicitou a cobertura das vacantes existentes no Plan xa que o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan era de 14 con 24 habilitacións.

3. O 14.02.2024 este departamento territorial comunicou a proposta á Confraría de pescadores de Laxe para proceder á convocatoria dun proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe a cinco (5) embarcacións con dúas (2) cotas de captura para tripulantes habilitados para cada unha de elas e, logo da actualización da lista de incremento de cotas das embarcacións integrantes do plan, ofertar as cotas vacantes ás embarcacións integrantes da dita lista, ata acadar o número máximo de participantes aprobado.

Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres (3) días para que presentasen as observacións que considerasen oportunas e que de non recibir resposta no prazo sinalado entenderíase como positiva a proposta realizada por este departamento territorial. Transcorrido o dito prazo non consta neste departamento territorial que a entidade realizara ningunha observación.

4. O 27.02.2025 este departamento territorial ditou a resolución pola que se convocou o proceso selectivo para outorgar a modalidade de percebe a cinco (5) embarcacións para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión para o recurso específico percebe, no ámbito da Confraría de pescadores de Laxe. O outorgamento sería con dúas (2) cotas de captura por embarcación ao obxecto de establecer tripulacións mínimas de seguridade.





5. O 04.04.2025 este departamento territorial ditou a resolución pola que se outorgou a posibilidade para optar á modalidade do recurso específico percebe as dúas embarcacións que solicitaron participar no proceso selectivo. Logo de que as ditas embarcacións achegaran a documentación solicitada, este departamento territorial outorgoulles a modalidade de percebe no seu permiso de explotación.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.
2. A resolución do 27.02.2025 desta dirección territorial convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de Percebe a cinco (5) embarcación con dúas (2) habilitacións por embarcación. Este proceso rematou coa asignación da modalidade as únicas dúas (2) embarcacións que solicitaron participar.
3. Este departamento territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Declarar vacantes tres (3) prazas para a obtención da modalidade de PERCEBE no permiso de explotación de embarcación con dúas (2) cotas de captura por embarcación no plan de xestión para o recurso específico Percebe, modalidade dende embarcación, da Confraría de Pescadores de Laxe.

A presente resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de Laxe.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Conselleiro do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Laxe, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)
O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada
(asinado dixitalmente)